



CIRCULAR INFORMATIVA USO DO TRANSPORTE ESCOLAR CURSO 2026-27

1. ALUMNADO CON DEREITO A TRANSPORTE ESCOLAR (SOLICITUDE DE COR AZUL):

Terá dereito o alumnado que teña o seu domicilio fóra do núcleo urbano no que estea situado o centro, e, en calquera caso, a unha distancia do mesmo superior aos 2 Km.

2. AUTORIZACIÓNS EXCEPCIONAIS PARA O USO DO TRANSPORTE (SOLICITUDE DE COR AMARELA):

O alumnado que, en base á normativa anterior, non teña dereito ao uso do transporte escolar (por vivir a menos de 2 Km.), poderá solicitalo con carácter excepcional.

Tamén é excepcional o alumnado que, aínda tendo dereito, solicita unha parada que non é a que lle corresponde. Lembramos que as paradas de Bellavista, As Cascas e Chatarrería 1 e 2 son de carácter excepcional.

Só poderán ser autorizados con carácter excepcional:

- Se hai prazas baleiras no correspondente autobús.
- Para uso das paradas existentes sen modificación do itinerario.

As autorizacións excepcionais teñen que ser solicitadas polo/a interesado/a no centro educativo e terán vixencia únicamente o curso escolar para o que se solicita (debe facerse cada curso). Esta autorización que se concede é revogable se cambian as circunstancias que a xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado con dereito preferente, ponderándose como circunstancias a ter en conta: discapacidade (coa súa correspondente xustificación), a idade dos alumnos, a distancia entre o domicilio do solicitante e o centro escolar ou a situación económica.

3. Os usuarios que **non fagan uso do transporte** escolar **de xeito continuado** (tanto con dereito como excepcionais)

PERDERÁN O DEREITO A TRANSPORTE.

4. PRAZO PARA SOLICITUDES:

- Alumnado que xa está no centro e é USUARIO CON DEREITO (domicilio a máis de 2 km.) durante o curso 2025/2026: NON teñen que facer nova solicitude, PERO **TERÁN QUE COMUNICAR NA SECRETARÍA** (de forma presencial, por teléfono ou por correo electrónico) **A CONTINUACIÓN NO SERVIZO NO CURSO 2026/2027.**
- Alumnado que xa está no centro e é USUARIO EXCEPCIONAL durante o curso 2025/2026: **SI** teñen que facer unha nova solicitude para o curso 2026/2027 (pois as autorizacións excepcionais teñen que ser renovadas cadaano): **do 4 ao 29 de maio.**
- Alumnado que xa está no centro, non usa transporte neste curso, e quere facer uso do transporte, tanto excepcional como por dereito, para o seguinte curso: **do 4 ao 29 de maio.**
- Alumnado de nova incorporación: realizará a solicitude no momento da admisión ou da matrícula.
- Os usuarios que causen baixa para o curso 2026/2027 deberán comunicalo na Secretaría do **4 ao 29 de maio.**

5. **Documentación a achegar xunto coa solicitude:** Certificado de **padrón da unidade familiar**. No caso de querer solicitar unha parada diferente á do domicilio familiar, deberá consultarse a documentación a traer na Secretaría do centro.

6. **A asignación da parada para cada alumn@ será fixa para todo o curso**, agás cambios de domicilio debidamente acreditados.

7. **Importante:** se durante o curso escolar causan **baixa** por calquera motivo (comedor, cambio de domicilio, etc.) tamén deben comunicalo na Secretaría e cubrir o formulario de baixa.

Para calquera dúbida sobre transporte escolar, dirixirse á Secretaría a través do tfno. 881 880 237

PODEN PRESENTAR AS SOLICITUDES DA SEGUINTE MANEIRA:

- 1. NA SECRETARÍA DO CENTRO.**
- 2. A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO** ceip.vales.villamarin@edu.xunta.gal
(confirmando telefónicamente que a súa solicitude chegou correctamente)